

MAGOSTO



**TRES TEXTOS.
MATERIAL DIDÁCTICO**



 **EQUIPO
DINAMIZACIÓN
LINGUA GALEGA**

CEIP GALÁN OSEIRO - ARTEIXO

Corrección de texto: Alejandra Campo Penín



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Co seu ouro vello, mol,
o ourizo ouricieiro
toma o sol
no bico dun castiñeiro.

Tal un señor moi mandón:
no bico dun castiñeiro
o ourizón
toma o seu sol moi riseiro.

O ourizo está moi ledo
coa súa casa ben pechada
-ouh, que medo!-
de espiñas toda cercada.

Quer botar unha risada
e os seus dentes arregaña
case un nada:
e xa fuxiu a castaña...!



Manuel María
«Os soños na gaiola»




QUE SABES DO TEXTO?



1.- Onde está o ourizo tomando o sol?

2.- Como é o señor ao que se semella o ourizo?

3.- Como é o ourizo? Localiza e colorea tres características.



4.- Como ten a súa casa?

5.- Por que se lle escapa a castaña?

6.- Que arregañou o ourizo?



OS NOMES DAS COUSAS




1.- Coloca cada nome onde lle corresponda e colorea.

regaña

ourizo

folha

castaña



2.- Inventa un final para estas oracións.

O ourizo

Aquelas castañas


Pola regaña do ourizo



QUEN TEN MÁIS CASTAÑAS?



1.- Colorea este dado, recórtao, móntao e ...a xogar cos teus amigos ou amigas.



COMO ANDAS DA VISTA?



1.- Localiza neste rebumbio de letras os SETE nomes relacionados coas castañas que aparecen no recadro.

MAGOSTO REGAÑA OURIZO SOUTO
OURICEIRA CASTIÑEIRO CASTAÑA


B	O	Ñ	C	U	T	Q	P	E	I
R	H	M	A	G	O	S	T	O	R
G	C	A	S	T	A	Ñ	A	U	A
S	O	U	T	O	A	O	X	R	I
Q	Ñ	E	I	Z	Q	U	B	I	E
I	R	L	Ñ	P	F	R	A	Z	T
T	P	R	E	G	A	Ñ	A	O	O
O	U	R	I	C	E	I	R	A	L
D	E	H	R	S	I	Ñ	T	G	P
B	L	T	O	E	B	R	O	Q	U



ONDE COLLEMOS CASTAÑAS?



1.- Que camiño teremos que coller para chegar ao castiñeiro?





*Canta o málvís,
que é barulleiro,
riba da ponla
dun castiñeiro.*

*Deixou a camá
moi de mañá
para botarnos
un alalá.*

*Pinta o outono
varre o vento,
cobre a neve
e lava o inverno.*

*E á primávera,
chea de flores,
adorna o souto
con mil cores.*



Helena Vilar Janeiro
«O souto do anano»



QUE LEMBRAS DA POESÍA?



1.- Como é o malvís?

2.- E onde está o paxaro cantando?

3.- Para que deixou a cama o malvís?

4.- Que fai cada un deles? Une e colorea da mesma cor as parellas.

O outono

cobre

O inverno

canta

A primavera

pinta

A neve

lava

O vento

adorna

O malvís


varre



O ENCRUCILLADO DO ANANO




Completa o encrucillado con palabras que aparecen na poesía.



HORIZONTAIS

- 1.- Estación do ano na que saen moitas flores, cantan os paxaros...
- 2.- É o aire en movemento. Cando sopra move as follas e as ponlas das árbores...
- 3.- Nome dun paxaro de pluma verde escura por riba e branqueciña por baixo e que ten un canto moi agradable.
- 4.- Auga conxelada que cae en forma de folerpas.
- 5.- Época do ano na que vai moito frío e na que pode chover, nevar...




O MALVÍS



Colorea o malvís seguindo os datos que aparecen na súa ficha da parte inferior e coloca cada nome onde lle corresponda.

ÁS PETEIRO OLLO COLA PATAS



MALVÍS: Ave de peteiro e patas negras, pluma de cor verde escura na parte superior, co peito branco e con manchas negras.



UNHA NOVA CAPA PARA O SOUTO DO ANANO



Crea unha nova capa para o libro de «O Souto do anano». Colorea.
Non esquezas copiar algúns dos elementos que figuran á marxe.



O souto

do anano



Helena Villar Janeiro



TRES EN RAIA: LUME OU CASTAÑAS?




Colorea as fichas e o taboleiro de tres en raia. Recorta e... a xogar!



TES BOA VISTA?



Copia no quadro grande ao anano do souto e coloréao.







O día que nacín, o sol de mediados de outubro petaba de firme na fraga. Non se paraba coa calor alí dentro e comezamos a rebulir ata que rachou a parede que nos amparaba e abriuse diante miña, que estaba no medio, un tremendo abismo. Foi terrible.

...

-Por que vimos dar aquí as máis de nós? – preguntei cando xa me sentín menos mareada, a outras castañas que atopei.

-Ui, isto non é nada!. Nun par de días, como siga o ventíño e non deixe de quentar o sol, énchese o rego. E daquela virán apañarnos. Meterannos nun paxe ou en calquera saco, e levarannos. Despois espallarannos ao sol ata que esteamos ben enxotas e secas.

Nese momento preparánnos para o seu alimento: unhas veces, bótannos sen máis a ferver en auga un pouco salgada e con anises que tamén apañan aí embaixo, e chámannos zonchos; outras, pícanos a pel e póñennos nalgún asador; ás veces, íspennos desta pel escura, póñennos unha noite a remollo e cócennos despois cos anises e unha miga de sal, para logo espelicarnos e comernos; fan con nós caldo, doces...

- Mamá, que medo!

- Non te apures. Non é o peor que nos pode pasar, segundo os meus gustos. En cada castiñeiro somos moreas de castañas e para as máis de nós ese é o futuro. Hai quen conta que non é tan malo. De feito, nós non sentimos dor, iso que preocupa aos animais. Así que o peor do conto é que temos unha vida curta. Pero dise que os humanos gozan connosco. Mesmo nos fan unha festa, o magosto, e tanto nela como nas asadas que se fan nas lareiras aproveitan para parolar, contar historias e contos á luz do lume... Seica se pasa moi ben... e nós somos as protagonistas.



Tucho Calvo: «A castaña que chegou a árbore»



QUE SABES DO TEXTO?



1.- En que mes naceu a castaña?

2.- Que pregunta lle fixo a castaña ás súas compañeiras?

3.- Para que espallan as castañas ao sol?

4.- Cita unha maneira de preparar as castañas.

5.- Cantas castañas poden ser en cada castiñeiro?

6.- Como é a duración da vida das castañas?


7.- Como se chama a festa na que a castaña é a principal protagonista?



O ENCRUCILLADO



Completa o encrucillado con palabras que aparecen no texto de Tucho Calvo «A castaña que chegou a árbore».



1.- CALDO 2.- FRAGA 3.- SACO 4.- OUTUBRO
5.- MAGOSTO 6.- CASTAÑEIRO 7.- LAREIRA

HORIZONTAIS



- 1.- Unha das comidas na que as castañas son un dos seus ingredientes.
- 2.- Conxunto de árbores no que naceu o protagonista do relato e no que o sol petaba firme no mes de outubro.
- 3.- Receptáculo de tea para meter cousas sólidas e que se usa para apañar as castañas
- 4.- Mes no que naceu a castaña.
- 5.- Festa na que son protagonistas as castañas asadas.
- 6.- Árbore que dá castañas e que, se son varios, forman un souto.
- 7.- Lugar da casa onde se acende o lume e no que se poden asar castañas.



O CREBACABEZAS




Recorta, monta e colorea o crebacabezas con esta ilustración de Pitón.



QUE CAMIÑO COLLERÁ A CASTAÑA?




Marca cun lapis de cor o camiño que terá que seguir a castaña para chegar ao castiñeiro que hai no centro deste labirinto.




A CAIXA PARA O MAGOSTO




Construímos un cestiño para as castañas?




1.- Corta un cartón de leite pola metade.



2.- Pega cada metade e fai un burato pequeno en cada lateral.



3.- Engancha un cordel longo nos furados que fixeches.
Un lado serve para as castañas e outro para as tonas.



4.- Adorna e decora a caixa. Podes empregar técnicas diferentes: coloreala con témperas, forrala con papeis de cores, poñerlle pegatinas...
Xa tes a caixa lista para encher de castañas asadas!

